


payo, que probaron a súa nobreza na Real Chancillería de Valladolid en 1512. Tamén o fixo, en 1520, Mendo de Sampayo. Trae como armas un escudo axadrezado de 64 pezas, 32 de ouro e 32 de azur. (Eduardo Seijas Vázquez)

SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto. Xurista, musicólogo e historiador que naceu en Redondela (Pontevedra), o 15 de novembro de 1848, e faleceu en Pontevedra, o 8 de abril de 1937. Realizou estudos eclesiásticos en Tui, Ourense e Santiago de Compostela, que abandonou para estudar Leis, e iniciou a súa formación musical na súa vila natal e continuouna en Compostela.

Despois de obter un cargo xudicial en Pontevedra, abriu un bufete que durante medio século foi, ó mesmo tempo, museo e biblioteca, tertulia e consultorio, aduana obrigada de cantos estudosos de fóra se achegaron a investiga-lo autor, e sede da Sociedad Arqueológica de Pontevedra, fundada en 1898, que mortes e ausencias converteron, cos anos, en pseudónimo do seu presidente, e que foi precedente do museo provincial.

Foi un dos eruditos de máis fonda e completa formación na Galicia do seu tempo, pero o rigor das tarefas investigadoras non afogaba a súa sensibilidade estética para o gozo da natureza e da arte, o cultivo dos grandes mestres do piano ou o da lírica en lingua galega. Contrastá o pouco que publicou co moito que sabía. Rexeitaba firma-los os seus traballos e tíñalle aversión ó eloxio periodístico e mesmo a ser fotografado. Polo que respecta a *Cancionero musical de Galicia*, viu estimulada a súa tarefa pola fundación da sociedade El Folk-Lore Gallego. En 1895 recibiu un novo impulso cos requirimen-



Sampayo

tos de Pedrell. En 1909 preparou, coa eficaz axuda de Tafall, Arana e, sobre todo, de Víctor Said Armesto, a colección premiada pola Real Academia de Belas Artes de San Fernando. Contou coa cooperación doutros moitos folcloristas e musicólogos galegos: Valladares, Martínez Pose, Lens, Curros, Montes, Santiso...

Ó morrer Víctor Said, Sampedro completa as súas transcripcións e pon en limpo os materiais da súa colección C, esparexidos e incompletos. Reconstituídos e con estudo introductorio e bibliografía de Filgueira Valverde, foron publicados en 1942 pola Deputación de Pontevedra e reeditados en 1982 pola Fundación Barrié de la Maza. Destro epigrafista e paleógrafo, experto latinista, tiña unha preparación moi sólida para a investigación arqueolóxica e histórica. Revélana os tres volumes de *Documentos, incrimaciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, noticias, etcétera, para la historia de Pontevedra*. En especial salientan o segundo, que está dedicado á epigrafía local, acumulando sobre cada exemplar eruditas anotacións, mailo terceiro, no que, con asombroso coñecemento da vida dos homes de mar, se glosan as ordenanzas do famoso gremio pontevedrés e a súa confraría do Corpo Santo.

O recoñecemento das vías romanas, a recollida de datos sobre pontes, castelos e templos maila evocación das rúas e prazas da cidade revelan, en artigos publicados e en notas inéditas, o saber de Sampedro y Folgar.

Salvou da destrucción centos de documentos e obxectos, reuniu unha selectísima biblioteca, guiou a tarefa de grandes debuxantes de monumentos e lugares –Enrique Campo, Sobrino ou Castelao– e orientou a fotógrafos como Francisco Zagalá, Sáenz Mon e Novas. Foi numerario fundador da Real Academia Galega, correspondente da Real Academia da Historia e da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, delegado rexio de Belas Artes, presidente da Comisión de Monumentos, cronista da provincia e primeiro director do Museo de Pontevedra, que ten a honra de posuí-las súas coleccións e continuar e dar a coñece-lo seu labor. Amais dos estudos citados, pódense ler numerosos artigos seus publicados en re-

vistas e xornais, entre os que cabe citar “En las rías de Pontevedra”, “La muiñeira de Monterrey” ou “Pontevedra pintoresca”, en *Almanaque Gallego*; “Costumbres curiosas de Pontevedra”, “La estela de Coiralis” ou “Fiestas por la paz de Chateau-Cambresis”, en *El Museo de Pontevedra*; e “Lápidas funerarias en el Museo Arqueológico de Pontevedra”, en *Boletín de la Real Academia Gallega*. (Xosé Filgueira Valverde)

SAMPERES, Rego de. Tributario do río Torrente que se orixina no concello coruñés de Zas, na parroquia de Santa Sía de Roma. Seguidamente, penetra no municipio de Vimianzo para rega-la freguesía de Treos e logo volve ó de Zas para baña-la de Vilar. Nela xúntase co río de Xora para desembocar no Torrente, afluente do río Grande.

SAMPIL. Aldea da parroquia de Pinol (San Vicente), concello de Sober, provincia de Lugo, que posúe 27 habitantes e dista 8 quilómetros da capital municipal.

- Aldea da parroquia de Amoroce (Santiago), concello de Celanova (Ourense), que rexistra 27 habitantes.

SAMPRÍNS. Lugar da parroquia de Leirado (San Salvador), concello de Salvaterra de Miño, provincia de Pontevedra, que dista 8 quilómetros da capital municipal.

SAMPRIZÓN. Aldea da parroquia de Marei (Santa María), concello do Corgo, provincia de Lugo, que suma 11 habitantes e dista 4,5 quilómetros da capital municipal.

- Aldea da parroquia de Lebozán (Santiago), concello de Lalín, provincia de Pontevedra, que posúe 19 habitantes e dista 16 quilómetros da capital municipal.

SAMUELLE. Lugar da parroquia de Tebra (Santa María), concello de Tomiño (Pontevedra), que dista 6 quilómetros da capital municipal.

SAN¹. *adx.m.* Apócope de santo. Adoita utilizarse diante dalgúns nomes propios que principian por consoante.

SAN². *adx.m.* 1. Que ten boa saúde (*un home san*). 2. Bo para a saúde; saudable (*a froita é sa*). 3. *fig.* Que se atopa en bo estado, non danado, roto ou gastado; intacto, enteiro (*por onde pasa non queda nada san*). 4. *fig.* Sen malicia ou maldade (*ten uns pensamentos sans*). 5. *fig.* Conforme ó equilibrio moral ou intelectual; construtivo (*unha análise sa*). *Cortar polo san*, empregar un procedemento expeditivo para atallar un asunto. *San e salvo*, sen feridas nin danos.

- Aldea da parroquia (Santa Baia) e concello de Boiro (A Coruña).

SAN ADRIÁN, Punta de. Saínte da ría de Vigo que está situado na parroquia de Cobres, do concello pontevedrés de Vilaboa.

